

Título: Torcendo o onte

Pseudónimo: Macarelo

En noites en que a escuridade é mesta como a melaza e o aire case non corre, o río que percorre o val de Feáns estáncanse no seu paso polo lavadoiro. A auga sube e a néboa baixa. Todo se enche de olor a xabón; mais non dun recendo artificial ou de flores, senón dese olor a xabón de taco, daquel que se facía con graxa de cocho.

Entón, cando lúa acada o cumio do ceo (nin antes nin despois), pódese escoitar o fretar da roupa contra a pedra; mais non onde están hoxe as pedras do lavadoiro, senón nun lugar onde agora hai auga. Pouco máis dunha década atrás, asentaba alí unha das chantas do feo lavadoiro con columnas de cemento, antigo reino de tritóns e *macarelos* (ou cágados, ou cabezolos, ou cullarapos...), que foi derrubado a favor dun máis “rústico”.

A superficie énchese de ondas, ondas amplas e superpostas, como as que fan os chorros de auga ao escorrer. Mais ninguén pode ver como caen, aínda que un ouvido atento si pode percibir o son dunha tea ao se torcer. Nada hai alí, nada máis que a auga que nace no monte (onde sempre naceu) e se domestica baixo a beirarrúa de despois do lavadoiro, comezando un encerro que a acompañará no seu camiño ata Oza, onde abandonará a súa dozura.

Despois, por un instante, a superficie da auga queda lisa como un prato, e din que, se te asomas (eu non me atrevín), podes ver o reflexo do vello lavadoiro, coa roupa posta a clarexar sobre unha das chantas.

Por fin, cando a lúa comeza o seu descenso, todo volve pouco a pouco a ser o que aparenta. A néboa sube e a auga corre clara. No fondo terroso, albíscase un calcetín vello e sucio que alguén tirou e non recolleu.